



aula

• OTERO PEDRAYO •

1888-1976

1988
LETTRAS
ALEGAS

a súa vida

Ramón Otero Pedrayo naceu en Ourense o 5 de marzo de 1888. Fillo de Dona Eladia Pedrayo con quen estaría especialmente unido ó longo da súa vida- e de Don Enrique Otero, médico que exerceu xenerosamente a súa profesión desde o Pazo de Trasalba, nos Chaoz de Amoeiro.

O neno Ramón Otero criouse no seo dunha familia culta e liberal. A súa casa sobre todo a de Ourense, na Rúa da Paz- era centro de tertulias polo que pasaron a Pardo Bazán e outras destacadas figuras da intelectualidade galega do solpor do XIX.

Ramón cursa o bacharelato no Instituto de Ourense para seguir os estudos de Filosofía e Letras que ha rematar en Madrid. Na capital española le tan intensa como asistemáticamente obras de xeografía, historia, filosofía e literatura. Esta etapa de tanteos e indecóns sobre o futuro intelectual e o seu compromiso co mundo exterior sería maxistralmente recreada na súa novela "Arredor de si".

De volta en Ourense en 1911 intégrase non grupos dos "inadaptados" no que participan Vicente Risco e Florentino Cuevillas.

Ingresou como profesor de Xeografía e Historia no corpo de catedráticos de instituto exercendo a docencia en Burgos, Santander e Ourense.

No seo das irmandades incorporase as actividades do Seminario de Estudos Galegos.

Xunto con algúns compañeiros de Ourense formará o Partido Nacionalista Republicano. Máis tarde intégrase no Partido Galeguista.

Foi catedrático de Xeografía da Universidade de Santiago ata a súa xubilación no ano 1958.

Pasa a vivir no seu pazo de Trasalba (en Ourense) ata a súa morte no ano 1976.

PANTELAS, HOME LIBRE (1925). / O PURGATORIO DE DON RAMIRO (1926). / ESCRITO NA NÉBOA (1927). / OS CAMIÑOS DA VIDA (1928). / PELERINAXES (1929). / A LAGARADA (1929). / ARREDOR DE SÍ (1930). / CONTOS DO CAMIÑO E DA RÚA (1932). / ENSAYO HISTÓRICO SOBRE LA CULTURA GALLEGA (1933). / DEVALAR (1935). / O MESÓN DOS ERMOS (1936). / A ROMEIEIRA DE XELMIREZ (1934). / FRA VERNERO (1934). / ENTRE A VENDIMA E A CASTAÑEIRA (1957). / BOCARRIBEIRA (1958). / O SEÑORITO DA REBORAINA (1960). /